

Balance dunha xestión Informe do Xurado de Expropiación de Galicia: 2006-2016



Balance dunha xestión

Informe do Xurado de Expropiación de Galicia: 2006-2016

Autor

Xurado de Expropiación de Galicia
Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-1ª Pl.
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)
<https://xeg.xunta.gal>

Edita

Xurado de Expropiación de Galicia

Deseño e maquetación

WINDSOCK
www.windsock.es

Depósito legal versión impresa

C 1507-2017

Índice

Presentación da Presidencia — 6

Introdución — 8

Adscrición, funcións e facultades do XEG — 10

Composición do XEG — 12

Funcionamento do XEG — 16

Tramitación dos expedientes — 18

O XEG en cifras — 22

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados — 23
 - . Expedientes de valoración tramitados e resoltos no XEG en Galicia — 23
 - . Recursos de reposición resoltos — 26
 - . Peticións de documentación polo TSXG para a instrución dos recursos contenciosos — 27
 - . Sentido das resolucións dos recursos contencioso-administrativos resoltos polo TSXG — 28
2. Datos relacionados cos importes en euros das valoracións — 29
 - . Importe global das valoracións do XEG — 29
 - . Incrementos porcentuais das valoracións do XEG respecto ás dos expropiantes — 33
 - . Intervalo de valores nos expedientes de prezo xusto valorados — 36
3. Datos segundo a superficie valorada — 37
 - . Superficies de solo dos expedientes valorados — 37
 - . Superficies en función do tipo de solo valorado — 39
4. Datos segundo a natureza do expropiante — 40
 - . Tipo de expropiantes — 40
5. Reunións en sección ou Pleno celebradas no XEG — 43

Outras actuacións do XEG — 44

O novo XEG — 46

Anexos — 48

Anexo I: Relación de cadros — 49

Anexo II: Relación de gráficos — 50

Anexo III: Relación de normativa aplicable — 51




SPI GALICIA, S.A.
AGENCIA PÚBLICA DE SERVICIOS DE GALICIA, S.A.


XURADO
DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

Presentación da Presidencia



O Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) quere amosar coa presentación desta memoria o balance da súa xestión dende o inicio do seu funcionamento, o día 14 de febreiro do ano 2006. Unha andaina de 11 anos que se reflicte a través dos feitos e dos datos nestas follas que seguen.

Antes da creación deste organismo, a actividade de valoración nos casos de fixación de prezo xusto na Comunidade Autónoma de Galicia determinábase nos «xurados provinciais de expropiación», organismos que seguen a existir pero con competencias para os casos de expedientes de valoración nos que a Administración expropiante sexa o Estado.

Coa creación do XEG mediante a Lei 9/2002, do 30 de decembro, e a súa posterior organización polo Decreto 223/2005, quedou patente o interese desta comunidade autónoma de crear órganos administrativos propios que sexan os que resolan os procedementos en materias propias da competencia da nosa comunidade autónoma.

A natureza deste órgano, con independencia funcional, a pesar de estar adscrito a unha unidade administrativa superior da Xunta de Galicia, atende á necesidade da imparcialidade nas decisións que deben ser tomadas polo Xurado de Expropiación de Galicia, velando polo principio de independencia xerárquica e funcional.

Os asuntos tratados no XEG polas competencias que ten atribuídas, inclúen o ámbito das corporacións locais (tanto concellos

como deputacións provinciais) e os distintos organismos da Administración da Xunta de Galicia, que exercen como administracións expropiantes.


O Xurado de Expropiación de Galicia desexa baixo a presidencia actual, que esta memoria que agora se presenta (cun balance de 11 anos de funcionamento), se reproduza anualmente, o que permitirá seguir a evolución dos traballos e as distintas actuacións realizadas por este organismo.














Queremos tamén abrir o XEG a outros organismos, compartir ideas e criterios, así como servir como referente ou punto de apoio en temas de valoración a aqueles que o necesiten.

Esta nova etapa agora iniciada, pretende a modernización do XEG, por unha parte simplificando os procedementos empregados e por outra adoptando o uso das novas tecnoloxías, como por exemplo emprego da sinatura electrónica, sistemas electrónicos de notificación ou de intercambio de información cos cidadáns.

Quero rematar esta presentación felicitando polo seu esforzo a todo o persoal que traballa ou traballou no XEG dende os seus comezos, así como a dedicación e implicación dos anteriores presidentes deste organismo D^a. Julia Chamosa Martín, D. Manuel González Sarria e D. Juan Carlos Argüello Fernández.

Patricia Ulloa Alonso
Presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia



INFORMACION TOPOGRAFICA		INFORMACION CARTOGRAFICA	
		<p>  SUELO URBANO DE NUCLEO URBANO  PROTECCION FORESTAL  SUELO APTO PARA URBANIZAR  SUELO NO URBANIZABLE DE NUCLEO RURAL  SUELO NO URBANIZABLE COMUN  EQUIPAMENTOS SOCIAL-ASISTENCIAL  PROTECCION HISTORICO-ARTISTICA </p>	<p>  PROTECCION PISAJISTICA  PROTECCION AGRICOLA  PROTECCION DE CAUCES  PLAN ESPECIAL  LIMITE DE Z.M.T.  LIMITE DE TERMINO MUNICIPAL </p>
	ESTRADAS		ACTUALIZACION CARTOGRAFICA

Introdución

Tal e como ten declarado o Tribunal Constitucional, a expropiación forzosa defínese como unha garantía constitucional do dereito da propiedade privada, na medida na que se asegura unha xusta compensación económica a quen, por causas de interese social ou de utilidade pública, se priva dos seus bens ou dereitos de contido patrimonial, sendo ademais un instrumento fundamental, a disposición dos poderes públicos para o cumprimento dos fins de ordenación territorial e conformación ás necesidades crecentes de xustiza social.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no marco das competencias atribuídas pola Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, crea o Xurado de Expropiación de Galicia como órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. Coa creación do Xurado de Expropiación de Galicia dotouse a Galicia dun órgano para unificar os criterios existentes na materia, actuando en base aos principios de equidade e celeridade, para acadar así unha maior eficacia en beneficio dos cidadáns.

Posteriormente o Consello da Xunta de Galicia aproba, en desenvolvemento da Lei 9/2002, o Decreto 223/2005, do 16 de xuño, polo que se regula a organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

Esta regulación inscríbese dentro do marco de competencias que ten Galicia para crear, en virtude da súa potestade organizativa, órganos administrativos propios, e neste caso con semellantes funcións que os xurados provinciais de expropiación forzosa, aos que substituíron nos supostos antes expresados.

A aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do seu regulamento, recollido no Decreto número 143/2016, do 22 de setembro, que modifican as disposicións arriba citadas, e o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que incide tamén sobre a regulación do Xurado de Expropiación de Galicia, modificando a súa adscrición dentro da Administración autonómica e a composición, obriga a unha revisión do Decreto 223/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, co fin de adaptalo ao novo marco legislativo, feito que será unha realidade en vindeiras datas.

O Xurado de Expropiación de Galicia, a diferenza doutros órganos similares, constitúese como un órgano colexiado de carácter permanente, que ademais conta cunha estrutura administrativa que ten a súa propia relación de postos de traballo, na súa consellería de adscrición.

A especialización do Xurado de Expropiación de Galicia é unha das súas características, debido aos diferentes sectores representados no órgano colexiado, tanto a través de asociacións como de colexios profesionais.



Adscrición, funcións e facultades do XEG

O XEG ten actualmente a súa sede en Santiago de Compostela, na rúa Avelino Pousa Antelo nº 1 e está adscrito á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia. Ten autonomía funcional e independencia xerárquica, para desenvolver as súas competencias.

A **función fundamental** é a da fixación do prezo xusto que se realizará nos seguintes supostos ou situacións:

1. A fixación en vía administrativa do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais, cando non se chega a acordo libremente e por mutuo acordo entre a Administración expropiante e o particular.
2. A fixación do prezo xusto expropiatorio nos procedementos de taxación conxunta cando os interesados titulares de bens e dereitos formulasen oposición á valoración contida no proxecto de expropiación aprobado polo órgano competente, no prazo establecido para tal efecto.
3. A fixación da contía das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.
4. A fixación da valoración dos dereitos que se extingan, incluídos nos proxectos de compensación, cando exista discrepancia dos titulares dos dereitos, de acordo co artigo 125.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
5. A fixación do prezo xusto nos procedementos que se inicien por ministerio da lei, logo de advertencia dos titulares dos bens afectados pola inactividade da administración, de acordo co disposto no artigo 86 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais normativa de aplicación.

Ademais, **tamén intervén** na emisión de informes de carácter non vinculante, sobre valoración de indemnizacións por responsabilidade patrimonial en materia de ordenación territorial e urbanística, nos seguintes supostos:

- Cando afecten a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que con carácter previo, a citada responsabilidade fose declarada e non cuantificada na vía administrativa ou xudicial ou emitise informe en tal sentido o Consello Consultivo de Galicia.
- Cando afecten as restantes administracións públicas galegas e estas o soliciten expresamente.

Outra das súas funcións consiste na formulación de observacións e recomendacións en relación coa taxación de bens e dereitos tendentes á unificación de criterios.

Entre as súas **facultades** está a colaboración con outros xurados de expropiación, tanto da mesma C.A. como doutras CC.AA., establecendo os distintos acordos ou convenios que sexan pertinentes para o desenvolvemento das súas tarefas.

En Galicia contamos coa colaboración e coordinación establecida cos xurados provinciais de expropiación da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, dependentes da Administración central do Estado.



Composición do XEG

O Xurado de Expropiación de Galicia ten unha dobre vertente ou natureza:

1. Funciona como un órgano colexiado de carácter permanente e especializado, que actúa con independencia xerárquica e funcional, para a determinación dos prezos xustos dos expedientes de expropiación que lle son encomendados.
2. Tamén é un órgano administrativo pertencente á estrutura da Xunta de Galicia, que é a encargada de dar apoio técnico-xurídico-administrativo ao órgano colexiado.

Composición do XEG como órgano colexiado

Presidencia:

Exercida por un funcionario de carreira con licenciatura ou grao en Dereito, Arquitectura ou Enxeñería, con máis de dez anos de experiencia profesional.

Vogais:

- Un asesor xurídico, da escala de letrados da Xunta de Galicia.
- Tres vogais permanentes do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, titulados en Arquitectura, Enxeñería Agrónoma ou Enxeñería de Montes.
- Un vogal do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, en representación da consellería competente en materia de facenda.

- Un vogal da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- Un técnico superior, por proposta do Consello Galego de Consumidores e Usuarios.
- Tres profesionais libres colexiados con acreditada competencia nas materias propias do ámbito competencial do Xurado, en representación dos colexios profesionais de Galicia, designados polos seus presidentes.

Os vogais que representan os colexios profesionais son un enxeñeiro agrónomo, para os casos de predios rústicos; un enxeñeiro de camiños, canles e portos, cando se trate de aproveitamentos hidráulicos ou outros bens propios da súa especialidade; un enxeñeiro de montes, cando o principal aproveitamento do predio expropiado sexa forestal; un enxeñeiro de minas, nos casos de expropiación de dereitos mineiros; un arquitecto cando a expropiación afecte a predios urbanos; un enxeñeiro industrial, cando se trate de industrias en xeral, e un economista cando a expropiación trate sobre valores mobiliarios.

A Secretaría do Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia pode ser desempeñada por un membro propio ou por un empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.


Cando a entidade expropiante sexa unha entidade local, poderá incorporarse ás sesións do Xurado un representante, designado por proposta desta, que asistirá con voz e sen voto.

Composición do XEG

Actualmente o Pleno do XEG está formado polas persoas que se indican de seguido:

REPRESENTACIÓN	CARGO	NOME
XEG	Presidenta	Patricia Ulloa Alonso
	Secretaria	Xulia Rodríguez Blanco
	Asesora Xurídica	Mª Pilar Nieto Tejerina
	Vogal permanente	Francisco Manuel Aller Labandeira
	Vogal permanente	Mercedes Aymerich Valladares
	Vogal permanente	Jose Ángel Burgo Rodil
Consellería de Facenda	Vogal titular	Xan Xosé Castro Dapena
	Vogal suplente	Carlos José Darriba López
FEGAMP	Vogal titular	César López Arribas
	Vogal suplente	Miguel Fernández Solís
Consello Galego de Consumidores e Usuarios	Vogal titular	Rosa Rodríguez Vales-Villamarín
	Vogal suplente	Yolanda Pérez Rivera
Colexio Enxeñeiros Agrónomos de Galicia	Vogal titular	José Carlos González Cabo
	Vogal suplente	Fernando García Abal
Colexio Enxeñeiros Camiños, Canles e Portos	Vogal titular	Francisco Alonso Fernández
	Vogal suplente	Juan José Vázquez Cerredá
Colexio Enxeñeiros Montes de Galicia	Vogal titular	Santiago Couceiro López
	Vogal suplente	Juan Fernández Conti
Colexio Enxeñeiros Minas de Galicia	Vogal titular	Pedro Unzueta Martínez
	Vogal suplente	Juan Rico Alonso
Colexio Arquitectos de Galicia	Vogal titular	José Manuel Alonso Velasco
	Vogal suplente	Alberto de Paula Prieto
Colexio Enxeñeiros Industriais de Galicia	Vogal titular	Miguel Couto Alonso
	Vogal suplente	Manuel Aurelio Colmenero Guzmán
Consello Galego de Colexios de Economistas	Vogal titular	Odilo Montero Fernández
	Vogal suplente	Enrique Rodríguez Docampo
Colexio de Notarios	Vogal titular	Manuel Remuñán López
	Vogal suplente	María del Carmen Carreira Simón

Composición do XEG como órgano administrativo



Composición do XEG

O XEG conta coa estrutura administrativa do fluxograma anterior, que se reflicte na correspondente RPT:

- 1 presidente/a*
- 1 secretario/a*
- 1 asesor aurídico/a*
- 3 vogais permanentes* (arquitectos, enxeñeiros de montes, enxeñeiros agrónomos ou enxeñeiros de camiños)
- 3 valoradores/as (arquitectos ou enxeñeiros)
- 2 técnicos xurídicos/as (licenciados ou con grao en dereito)
- 1 técnico superior de apoio loxístico
- 6 administrativos
- 2 subalternos

Como se pode observar hai 6 persoas que se atopan incluídas tanto no órgano colexiado, como na estrutura administrativa do XEG, que permiten enlazar as actuacións e os intereses do órgano administrativo co órgano colexiado: presidenta, secretaria, asesor xurídico e tres vogais permanentes.

O resto do persoal funcionario do XEG pertence á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, aparecendo os seus postos de traballo na correspondente RPT.

* Persoal que tamén pertence ao órgano colexiado.

Funcionamento do XEG

O procedemento iniciáase coa remisión do expediente de prezo xusto ao XEG por parte da Administración expropiante (Xunta de Galicia, deputacións e concellos), especificamente das entidades locais nos casos dos proxectos de compensación e dos titulares dos bens ou dereitos nos casos concretos dos ministerios de lei.

O expediente revísase e, no caso de que non falte documentación, inicia a súa tramitación, tal e como se observa no seguinte apartado desta memoria.

O Xurado de Expropiación de Galicia funciona mediante «plenos» e «seccións».

As seccións, son reunións que se celebran no XEG con carácter permante ás que lles corresponden o estudo dos expedientes e a formulación das distintas propostas de valoración ao Pleno. Son tres e comprenden as seguintes materias:

- **Sección primeira:** expropiacións en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e edificacións, segundo a lexislación que sexa de aplicación en cada caso concreto.
- **Sección segunda:** expropiacións en solo rústico ou en situación de rural, segundo a lexislación que sexa de aplicación en cada caso concreto.
- **Sección terceira:** expropiacións de actividades industriais e económicas.

Estarán compostas por catro vogais, dous pertencentes aos permanentes do XEG, outro o representante da Federación Galega de Municipios e Provincias e o outro a escoller entre os representantes dos colexios profesionais relacionados coa natureza urbanística dos terreos obxecto de valoración na sección correspondente.

Cada un dos vogais permanentes do XEG será presidente dunha sección e actuará como tal na reunión da sección correspondente.

A sección será a encargada de facer unha proposta de valoración das distintas pezas, que se eleva ao Pleno do Xurado para a adopción da resolución que proceda por parte deste. No desenvolvemento das súas competencias conta cunha asistencia técnica de apoio para a preparación física dos proxectos antes de que os integrantes das seccións procedan á súa valoración.

As reunións en «seccións» celébranse entre 3 e 4 veces cada mes na sede do XEG. O número de seccións celebradas nos últimos anos reflíctense no apartado «o XEG en cifras».

Os plenos, son as reunións do órgano colexiado para analizar e aprobar as propostas de prezo xusto dos expedientes de valoración realizadas polas seccións correspondentes. Ademais no Pleno tamén se analizan e aproban as propostas de resolución de recursos presentados ante o Xurado.

O funcionamento do Pleno é igual que o de calquera outro órgano colexiado, tal e como establece a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Con carácter xeral celébrase un Pleno cada mes, aínda que en anos anteriores a frecuencia era superior debido a que se tramitaban un maior número de expedientes. É previsible que no futuro o número de plenos se incremente, dada a previsión de máis investimento público en actuacións que precisen realizar un procedemento expropiatorio.


Os plenos teñen lugar actualmente na sede do XEG na rúa Avelino Pousa Antelo de Santiago de Compostela (con anterioridade celebrábanse nunha sala do Edificio Administrativo de San Lázaro).



Tramitación dos expedientes

O proceso polo que o XEG chega á determinación do «prezo xusto» de cada unha das «pezas» incluídas nos **proxectos que teñen entrada no XEG**, remitidos dende as distintas administracións expropiantes, pasa por distintas fases administrativas,

nas que intervén todo o persoal do Xurado, de acordo coas competencias atribuídas ao posto de traballo, tal e como amosan os seguintes gráficos:




Tramitación dos expedientes



Unha vez determinado o prezo xusto da peza que hai que valorar é posible a presentación de recursos contra as resolucións administrativas do XEG.

Así, o seguinte gráfico amosa as fases polas que pasan os recursos de reposición que son presentados ante o Xurado:

Tramitación dos expedientes



Coa **devolución da peza separada** á Administración expropiante, remata o proceso que se desenvolve no Xurado de Expropiación de Galicia.



O XEG en cifras

Dentro desta epígrafe realizase unha «radiografía» da actividade do XEG, dende o seu inicio no ano 2006 ata finais do ano 2016. Para isto desenvólvanse nas seguintes epígrafes ou apartados:

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

- . Expedientes de valoración tramitados e resoltos no XEG en Galicia
- . Recursos de reposición resoltos
- . Peticións de documentación polo TSXG para a instrución dos recursos contencioso-administrativos
- . Sentido das resolucións dos recursos contencioso-administrativos resoltos polo TSXG

2. Datos relacionados cos importes en euros das valoracións

- . Importe global das valoracións do XEG
- . Incrementos porcentuais das valoracións do XEG respecto ás dos expropiantes
- . Intervalo de valores nos expedientes de prezo xusto valorados

3. Datos segundo a superficie valorada

- . Superficies de solo dos expedientes valorados
- . Superficies en función do tipo de solo valorado

4. Datos segundo a natureza do expropiante

- . Tipos de expropiantes

5. Reunións en sección ou Pleno celebradas no XEG

Comeza aquí a descrición da evolución dos datos nestes once anos de funcionamento do XEG.

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Expedientes de valoración tramitados e resoltos no XEG en Galicia


Como se observa nos datos que seguen, o XEG tramitou nestes 11 anos preto de 50.000 expedientes de valoración. No ano 2006 entraron 10.279 expedientes (cifra máis alta no histórico de entradas), provocando que no ano 2007 se valoraran 8.201 expedientes (cifra récord de expedientes valorados nun só ano).

Nos anos seguintes decaeu en gran medida o número de expedientes que entraron no XEG, situándose sobre 5.000, agás no ano 2009 no que se superaron os 7.000. Dende o ano 2013 a entrada de expedientes é moi inferior, así por exemplo no ano 2016 –último reflectido nesta memoria- entraron 1.082 expedientes.

CADRO Nº 1: Nº expedientes de valoración tramitados no XEG. Serie histórica 2006-2016

ANO	EXPEDIENTES AO INICIO EJERCICIO (Nº)	ENTRADA EXPEDIENTES PARA VALORAR (Nº)	EXPEDIENTES VALORADOS (Nº)
2006	-	10.279	1.792
2007	8.487	4.809	8.201
2008	5.095	5.155	4.688
2009	5.562	7.295	3.777
2010	9.080	5.922	5.135
2011	9.867	4.261	5.301
2012	8.827	3.350	5.562
2013	6.615	1.695	5.709
2014	2.601	1.730	2.643
2015	1.688	1.428	2.283
2016	833	1.082	1.509
TOTAL	-	47.006	46.600

GRÁFICO Nº 1: Nº expedientes de valoración tramitados no XEG. Serie histórica 2006-2016



O XEG en cifras

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Cando falamos de **expedientes de valoración** é importante sinalar que son os que teñen entrada no Xurado co obxecto de seren valorados, pero que de acordo coa súa natureza, poden clasificarse dentro destas categorías:

Expedientes de prezo xusto

Cando se tramita un expediente de expropiación e non hai acordo no prezo a abonar entre expropiante e expropiado, se envía ao XEG para que determine un prezo xusto. As modalidades de tramitación destes expedientes son:

- Ordinario
- Urxente
- Taxación conxunta
- Ocupación temporal
- Ministerio de lei
- Retaxación

Expedientes de compensación

Estes son sistemas de actuación para a execución urbanística dun sector, polígono, unidade de execución ou de actuación (actuación de transformación urbanística), polo que os propietarios achegan os terreos de entrega ou cesión obrigatoria e gratuíta, realizan á súa costa a urbanización nos termos e condicións que se determinen no Plan e constitúense en Xunta de Compensación, salvo que os terreos pertencen a un titular. No Xurado de Expropiación de Galicia son obxecto de valoración os distintos bens e servizos, para os que non se chegue a un acordo coa Administración expropiante.

Expedientes de reversión

A reversión é o dereito que corresponde ao expropiado para recobrar a totalidade ou a parte sobrance do ben expropiado, no caso de non executarse a obra ou de non establecerse o servizo que motivou a expropiación, así como se desaparece a afectación, aboando unha indemnización.

Expedientes de execución de sentenza

Son expedientes que se valoran de acordo coa execución dunha sentenza xudicial, principalmente por sentenzas do TSXG, aínda que poden ser doutras instancias xudiciais.

O XEG en cifras

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Se desagregamos o conxunto de expedientes de valoración segundo estas categorías, a conclusión é que os expedientes máis numerosos son os de prezo xusto que supoñen un 99,5 % do total, e dentro destes a súa modalidade de urxentes que representan un 73,87 % con respecto ao total deles, tal e como reflicte o cadro nº 2 que se mostra de seguido:

CADRO Nº 2: Nº expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Totais 2006-2016

TIPO DE EXPEDIENTE VALORACIÓN	ENTRADOS (Nº)	TRAMITADOS (Nº)
De prezo xusto	46.781	46.393
Ordinarios	2.317	2.304
Urxentes	34.767	34.424
Taxación conxunta	9.606	9.579
Ocupación temporal	20	20
Ministerio de lei	19	14
Retaxación	52	52
De reversión	119	119
De compensación	19	19
De execución de sentenza	87	69
Total expedientes valoración	47.006	46.600

GRÁFICO Nº 2: Nº expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Totais 2006-2016





GRÁFICO Nº 3: Nº expedientes de valoración prezo xusto segundo tipos ou categorías. Totais 2006-2016



O XEG en cifras

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Recursos de reposición resoltos


Unha vez que no Pleno do XEG se adoptan as resolucións de valoración das distintas pezas que compoñen un proxecto, notifícanse ás partes interesadas na valoración (expropiado, administración expropiante e beneficiario, de ser o caso), que poden presentar un recurso de reposición contra a resolución ditada polo XEG.

O volume de recursos que se manexaron neste organismo nestes once anos foi de preto de 7.000, concretamente 6.884, estando todos resoltos na súa práctica totalidade, á data de peche desta memoria:

CADRO Nº 3: Nº recursos de reposición resoltos no XEG. Serie histórica 2006-2016

ANO	ENTRADA DE RECURSOS (Nº)	RECURSOS RESOLTOS (Nº)
2006	192	107
2007	2.058	721
2008	727	2.042
2009	701	379
2010	466	767
2011	472	476
2012	937	621
2013	496	867
2014	312	372
2015	368	284
2016	155	215
TOTAL	6.884	6.851

GRÁFICO Nº 4: Nº recursos de reposición resoltos no XEG. Serie histórica 2006-2016



O XEG en cifras

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Peticións de documentación polo TSXG para a instrución dos recursos contenciosos


Cando se presenta un recurso contencioso-administrativo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia require ao XEG a remisión do expediente completo correspondente ao recurso presentado.

O seguinte cadro recolle as peticións de expedientes completos que se cursaron ao TSXG respondendo ás súas peticións:

CADRO Nº 4: Nº peticións do TSXG para os recursos contenciosos.Serie histórica 2006-2016

ANO	PETICIÓN DE EXPEDIENTES DO TSXG (Nº)	ENVÍOS REALIZADOS AO TSXG (Nº)
2006	2	-
2007	353	150
2008	3.368	1.244
2009	2.417	3.776
2010	670	1.598
2011	1.006	661
2012	1.078	1.273
2013	1.565	1.713
2014	811	853
2015	238	240
2016	228	215
TOTAL	11.736	11.723

GRAFICO Nº 5: Nº peticións do TSXG para os recursos contenciosos.Serie histórica 2006-2016



O XEG en cifras

1. Datos relacionados cos expedientes tramitados

Sentido das resolucións dos recursos contencioso-administrativos resoltos polo TSXG

Os acordos do XEG poñen fin á vía administrativa. Fronte a eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.


Neste apartado reflíctense os datos do segundo caso, no que se amosan os sentidos das resolucións emitidas polo TSXG dos recursos contencioso-administrativos, que se interpoñen por calquera das partes implicadas, isto é os expropiados, as administracións expropiantes ou os beneficiarios.

No cadro e gráficos seguintes, amósanse os datos de recursos «**estimados**» para os recorrentes (que non confirman ou desestiman as resolucións do XEG); os «**estimados parcialmente**» (que estiman parcialmente as resolucións do XEG); os «**desestimados**» (que estiman ou confirman as resolucións do XEG); e finalmente os «**inadmitidos**» (que non foron admitidos a trámite).

CADRO Nº 5: Resolucións recursos contencioso-administrativos polo TSXG. Serie histórica 2013-2016

	2013	2014	2015	2016
Recursos estimados	2	6	9	1
Recursos estimados en parte	1.336	896	432	191
Recursos desestimados	325	203	302	224
Inadmisións ou rexeitamento de recursos	2	0	0	6
TOTAL	1.666	1.105	743	422

GRÁFICO Nº 6: Resolucións recursos contencioso-administrativos polo TSXG. Serie histórica 2013-2016



2. Datos relacionados cos importes en euros das valoracións

Importe global das valoracións do XEG

Segundo o establecido na normativa de valoracións, o Pleno do XEG nas resolucións de prezo xusto adoptadas, debe seguir o criterio de que cando o valor unitario obtido polo XEG, na fase de estudo, sexa menor que o indicado polo expropiante, a proposta do Xurado será por este segundo importe, respectando a proposta do expropiante. Pola contra, se o valor unitario obtido polo XEG é maior que o indicado polo expropiado, a proposta é polo importe do expropiado.

Deste xeito, o resultado das valoracións en importe comparado, entre o ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, indica que as valoracións se incrementaron con respecto ás administracións expropiantes nun valor absoluto de preto de 130 millóns de euros.

Estes resultados varían en función do tipo de expediente de valoración de que se trate, se é dun expediente de «prezo xusto», se se trata dun expediente de «compensación» ou ben se o expediente é de «execución de sentenza».


CADRO N° 6: Valoracións expedientes «PREZO XUSTO» do XEG respecto ás administracións expropiantes. Serie histórica 2006-2016

ANO	VALOR EXPROPIANTE (€)	VALORACIÓN DO XEG (€)	VALOR EXPROPIADO (€)
2006	17.406.522	22.196.301	78.504.212
2007	34.614.558	53.986.233	171.378.862
2008	31.310.134	53.750.123	114.643.867
2009	40.897.497	51.509.243	167.794.394
2010	34.646.538	51.371.924	183.609.352
2011	35.750.165	43.589.621	238.898.624
2012	56.353.545	74.407.529	277.540.848
2013	28.819.582	40.624.016	186.885.176
2014	22.655.579	29.448.829	225.621.956
2015	14.514.438	20.721.092	88.521.757
2016	7.387.919	12.322.083	48.919.290
TOTAL	324.356.477	453.926.724	1.782.318.338

O XEG en cifras

2. Datos relacionados cos importes en euros das valoracións

